

FOZ

Anuncio

Por Decreto de Alcaldía de data 9 de marzo de 2017, aprobáronse os Padróns da Taxa por subministro de auga, canon de auga, recollida de lixo e depuración, correspondentes ao 1º bimestre de 2017, así como a apertura dun período de información pública por prazo de vinte días hábiles contados dende o seguinte ao da publicación deste edicto no BOP. para consultar o seu contido e presentar as alegacións que estimen oportunas, rematado este prazo sen presentarse reclamacións, entenderanse definitivamente aprobados.

O período de cobro en período voluntario fíxase entre o 15 de marzo e o 15 de maio de 2017.

Contra este acto e as liquidacións correspondentes poderase presentar recurso de reposición, previo ao contencioso-administrativo, no prazo de un mes a contar dende o día seguinte á finalización do prazo de exposición pública dos Padróns, sendo procedente no caso do canon da auga a reclamación económico-administrativa ante a Xunta Superior de Facenda (Consellería de Facenda) no prazo de un mes dende que se entenda producida a notificación.

Transcorrido o prazo de pago en período voluntario, iniciarase o procedemento executivo e o administrativo de constrinximento, e devengarán as débedas os recargos do período executivo así como os correspondentes xuros de mora en virtude dos artigos 26, 27 e 28 da Lei Xeral Tributaria.

No caso do canon da auga a falta de pago no período voluntario suporá a súa esixencia directamente pola vía de constrinximento pola Consellería de Facenda da Xunta de Galicia.

O presente anuncio ten carácter de notificación colectiva ó amparo do establecido no artigo 201.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro.

Foz, a 13 de marzo de 2017.- O ALCALDE,, JAVIER JORGE CASTIÑEIRA

R. 0806

MONFORTE DE LEMOS

Anuncio

En Xunta de Goberno Local de data 20 de febreiro de 2017 aprobáronse as bases do procedemento de selección como persoal laboral temporal dun enfermeiro/a para o instituto municipal de drogodependencias e no BOP da Provincia de Lugo nº 54 de data 7 de marzo do 2017 publicáronse ditas bases.

Dita publicación non ten a claridade aconsellable sobre o prazo a computar para a presentación de solicitudes, xa que se pode interpretar que falta unha convocatoria adicional posterior.

Por iso, faise este anuncio con carácter de convocatoria, para que o prazo de 20 días naturais de presentación de solicitudes para participar no proceso de selección dun enfermeiro/a para o instituto municipal de drogodependencias se conte dende o día seguinte da súa inserción no BOP.

Non obstante, quen xa presentase a súa solicitude, contado o prazo dende a publicación das bases, non Terán que volver facelo pois ditas solicitudes serán válidas para este proceso selectivo conforme ó principio de conservación dos actos e de economía administrativa.

Monforte de Lemos, 15 de marzo de 2017.- O ALCALDE, José Tomé Roca

R. 0807

*Anuncio***BASES DA CONVOCATORIA PARA A SELECCIÓN DE CATRO AUXILIARES DE POLICIA LOCAL**

Co seguinte detalle:

I- NORMAS XERAIS

- RD Lei 5/2015, de 30 de outubro, por el que se aproba o Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público.
- Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases del Réxime Local (LBRL)
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, por el que se aproba o Texto Refundido de las disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local.
- Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e los programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios de Administración Local (de carácter supletorio).